

## **Depotermal por comarcas**

### **Comarca de Vigo e do sur da provincia**

Ao longo destes últimos meses de 2023, 1.471 persoas da contorna de Vigo e do sur da provincia de Pontevedra gozaron do programa de termalismo e saúde da Deputación "Depotermal". Este está dirixido ás persoas maiores de 50 anos, xubiladas, pensionistas, cun recoñecemento de grao de diversidade igual ou superior ao 65 % ou que teñan acreditado un respiro familiar, e ten como finalidade facilitarlles ás veciñas e veciños da provincia o acceso a actividades de ocio saudable e envellecemento activo en establecementos hostaleiros. Ademais, ao mesmo tempo, pretende ser un programa dinamizador da economía da provincia que impulse a creación e o mantemento de postos de traballo no sector turístico durante os períodos de menor actividade ao desestacionalizar a demanda.

No caso da contorna de Vigo e do sur da provincia, 1.222 das persoas participantes beneficiáronse da modalidade de pernoctación, a través da que se ofreceu unha estancia de seis días e cinco noites nos establecementos termais, mentres que 249 o fixeron da diúrna, pola cal gozaron das instalacións durante cinco días consecutivos. En total, beneficiáronse do programa 871 persoas de Vigo, 101 de Redondela, 69 de Nigrán, 59 de Soutomaior, 57 do Porriño, 47 de Tui, 38 de Mos, 33 de Salceda de Caselas, 31 de Baiona, 27 de Salvaterra de Miño, 24 de Crecente, 19 de Covelo, 18 de Gondomar, 15 de Tomiño, 12 da Cañiza, 12 do Rosal, 11 de Ponteareas, nove de Fornelos de Monte, seis das Neves, catro de Mondariz, tres da Guarda, dúas de Arbo, dúas de Oia e unha de Pazos de Borbén.

### **Comarca do Salnés**

Ao longo destes últimos meses de 2023, 204 persoas da comarca do Salnés gozaron do programa de termalismo e saúde da Deputación "Depotermal". Está dirixido ás persoas maiores de 50 anos, xubiladas, pensionistas, cun recoñecemento de grao de diversidade igual ou superior ao 65 % ou que teñan acreditado un respiro familiar, e ten como finalidade facilitarlles ás veciñas e veciños da provincia o acceso a actividades de ocio saudable e envellecemento activo en establecementos hostaleiros. Ademais, ao mesmo tempo, pretende ser un programa dinamizador da economía da provincia que impulse a creación e o mantemento de postos de traballo no sector turístico durante os períodos de menor actividade ao desestacionalizar a demanda.

No caso da comarca do Salnés, 78 das persoas participantes beneficiáronse da modalidade de pernoctación, a través da que se ofreceu unha estancia de seis días e cinco noites nos establecementos termais, mentres que 126 o fixeron da diúrna, pola cal gozaron das instalacións durante cinco días consecutivos. En total, este ano beneficiáronse do programa 55 persoas de Meaño, 30 de Vilagarcía de Arousa, 29 de Vilanova de Arousa, 28 de Meis, 26 de Catoira, 12 de Ribadumia, 11 de Cambados, oito de Valga, dúas da Illa de Arousa, dúas do Grove e unha de Pontecesures.

### **Comarca de Pontevedra**

Ao longo destes últimos meses de 2023, 375 persoas de Pontevedra e dos concellos da súa contorna gozaron do programa de termalismo e saúde da Deputación "Depothermal". Este está dirixido ás persoas maiores de 50 anos, xubiladas, pensionistas, cun recoñecemento de grao de diversidade igual ou superior ao 65 % ou que teñan acreditado un respiro familiar, e ten como finalidade facilitarlles ás veciñas e veciños da provincia o acceso a actividades de ocio saudable e envellecemento activo en establecementos hostaleiros. Ademais, ao mesmo tempo, pretende ser un programa dinamizador da economía da provincia que impulse e o mantemento de postos de traballo no sector turístico durante os períodos de menor actividade ao desestacionalizar a demanda.

No caso da contorna de Pontevedra, 236 das persoas participantes beneficiáronse da modalidade de pernoctación, a través da que se ofreceu unha estancia de seis días e cinco noites nos establecementos termais, mentres que 139 o fixeron da diúrna, pola cal gozaron das instalacións durante cinco días consecutivos. En total, este ano beneficiáronse do programa 192 persoas de Pontevedra, 46 de Marín, 31 de Barro, 28 de Moraña, 17 de Poio, 13 de Portas, 12 de Caldas de Reis, dez de Vilaboa, oito da Lama, sete de Ponte Caldelas, cinco de Sanxenxo, catro de Cuntis e dúas de Campo Lameiro.

### **Comarca do Morrazo**

Ao longo deste últimos meses de 2023, 202 persoas da comarca do Morrazo gozaron do programa de termalismo e saúde da Deputación de Pontevedra "Depothermal". Este está dirixido ás persoas maiores de 50 anos, xubiladas, pensionistas, cun recoñecemento de grao de diversidade igual ou superior ao 65 % ou que teñan acreditado un respiro familiar, e ten como finalidade facilitarlles ás veciñas e veciños da provincia o acceso a actividades de ocio saudable e envellecemento activo en establecementos hostaleiros. Ademais, ao mesmo tempo, pretende ser un programa dinamizador da economía da provincia que impulse a creación e o mantemento de postos de traballo no sector turístico durante os períodos de menor actividade ao desestacionalizar a demanda.

No caso da comarca do Morrazo, 155 das persoas participantes beneficiáronse da modalidade de pernoctación, a través da que se ofreceu unha estancia de seis días e cinco noites nos establecementos termais, mentres que 47 o fixeron da diúrna, pola cal gozaron das instalacións durante cinco días consecutivos. En concreto, beneficiáronse do programa 128 persoas de Cangas, 42 de Moaña e 32 de Bueu.

### **Comarca de Deza**

Ao longo destes últimos meses de 2023, 195 persoas da comarca de Deza e Tabairós-Terra de Montes gozaron do programa de termalismo e saúde da Deputación "Depothermal". Este está dirixido ás persoas maiores de 50 anos, xubiladas, pensionistas, cun recoñecemento de grao de diversidade igual ou superior ao 65 % ou que teñan acreditado un respiro familiar, e ten como finalidade facilitarlles ás

veciñas e veciños da provincia o acceso a actividades de ocio saudable e envellecemento activo en establecementos hostaleiros. Ademais, ao mesmo tempo, pretende ser un programa dinamizador da economía da provincia que impulse a creación e o mantemento de postos de traballo no sector turístico durante os períodos de menor actividade ao desestacionalizar a demanda.

No caso da comarca de Deza e Tabeirós-Terra de Montes, 92 das persoas participantes beneficiáronse da modalidade de pernoctación, a través da que se ofreceu unha estancia de seis días e cinco noites nos establecementos termais, mentres que 103 o fixeron da diúrna, pola cal gozaron das instalacións durante cinco días consecutivos. En total, este ano beneficiáronse do programa 102 persoas da Estrada, 32 de Lalín, 27 de Forcarei, 24 de Cerdedo-Cotobade, nove de Silleda e unha de Vila de Cruces.